



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela



PLAN DE CONVIVENCIA

ÍNDICE

- [0. Introducción](#)
- [1. Marco legal](#)
- [2. Fins](#)
- [3. Diagnóstico e análise previo da convivencia no centro](#)
 - [3.1. Características do centro e do seu contorno](#)
 - [3.2. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia](#)
 - [3.3. Estado das relacións e participación na vida do centro dos integrantes da comunidade escolar](#)
 - [3.4. Conflitividade detectada](#)
 - [3.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas](#)
- [4. Obxectivos específicos](#)
 - [4.1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación](#)
 - [4.1.1. Organización do centro e da aula](#)
 - [4.1.2. Coordinación das actuacións docentes](#)
 - [4.1.3. Programación e desenvolvemento do currículo](#)
 - [4.1.4. Estratexias metodolóxicas](#)
 - [4.1.5. Actividades culturais e de promoción do idioma](#)
 - [4.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa](#)
 - [4.3. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar](#)
- [5. Medidas para previr, detectar e resolver conflitos e condutas contrarias ás normas de convivencia, promover a convivencia e sensibilizar contra o acoso escolar](#)
- [6. Responsables do desenvolvemento e execución das actuacións, medidas e programas incluídos do plan de convivencia](#)
- [7. Normas de convivencia](#)
- [8. Condutas contrarias á convivencia e súas correccións](#)
 - [8.1. Aspectos básicos](#)
 - [8.2. Ámbito de corrección](#)
 - [8.3. Gradación das medidas correctoras](#)
 - [8.4. Reparación de danos causados](#)
 - [8.5. Aspectos formais dos procedementos correctores](#)
 - [8.6. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia](#)

- [8.6.1. Medidas correctoras](#)
- [8.6.2. Aplicación das medidas correctoras](#)
- [8.7. Conduas leves contrarias á convivencia](#)
 - [8.7.1. Medidas correctoras](#)
 - [8.7.2. Aplicación das medidas correctoras](#)
- [8.8. Solicitude de revisión e execución de medidas](#)
- [8.9. Procedementos de corrección](#)
 - [8.9.1. Determinación do procedemento de corrección](#)
 - [8.9.2. Inicio do procedemento de corrección](#)
 - [8.9.3. Procedemento conciliado](#)
 - [8.9.4. Desenvolvemento do procedemento conciliado](#)
 - [8.9.5. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado](#)
 - [8.9.6. Procedemento común](#)
 - [8.9.7. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas](#)
 - [8.9.8. Compromisos educativos para convivencia](#)
 - [8.9.9. Prescrición de condutas e de correccións](#)
- [9. Comisión de convivencia: normas de funcionamento, composición e plan de actuación](#)
- [10. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno](#)
- [11. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia](#)
- [12. Seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia](#)

0. Introducción

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa regula as normas básicas de convivencia nos centros docentes comprendidos no seu ámbito de aplicación. O artigo 10 da dita lei establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, desenvolve a dita lei.

Para cumprir coa normativa vixente, este documento recolle o plan de convivencia específico da Escola Oficial de Idiomas de Santiago e das seccións que dela dependen: Negreira, Noia, Ordes, Ribeira e Santiago (Sar), coa intención de prever posibles conflitos e fomentar o clima de consenso e diálogo.

1. Marco legal

Lei 27/2005, do 30 de novembro de fomento da educación e da cultura da Paz.

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación L.O.E, modificada pola Lei Orgánica 8/2013 do 9, LOMCE.

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización da administración xeral.

Lei 2/2014, do 14 de abril, de igualdade de trato e non discriminación por orientación sexual.

Estatuto de Autonomía de Galicia e a lexislación á que dá orixe, en especial a Lei 4/2011.

Declaración Universal dos Dereitos Humanos tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España.

Decreto 189/2010, do 11 de novembro, no que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas de Galicia, desenvolto na Orde do 5 agosto de 2011.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Instrucións do 17 de xuño de 2013 polas que se traslada o protocolo xeral de intervención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia.

2. Fins

Os obxectivos principais deste plan de convivencia son, consonte ao establecido no artigo 3 do Decreto 8/2015:

- garantir un ambiente educativo óptimo
- facer que os dereitos e liberdades fundamentais, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a igualdade de trato e non discriminación das persoas sexan os piares da educación
- previr e actuar eficazmente ante as situacións de acoso escolar
- dotar ao profesorado e ao equipo directivo dos instrumentos para velar polo mantemento da convivencia na EOI e tamén proporcionarlles o respaldo legal preciso
- concienciar as familias do alumnado menor de idade do seu papel fundamental na convivencia da Escola
- traballar na aceptación e cumprimento das normas por todas as persoas usuarias da escola e tamén para que os posibles conflitos se solucionen a través do diálogo
- traballar de maneira conxunta en prol da convivencia escolar
- concienciar aos distintos sectores que interveñen na educación sobre o papel fundamental que ten a convivencia no desenvolvemento persoal e social do alumnado

3. Diagnóstico e análise previo da convivencia no centro

Na Escola Oficial de Idiomas de Santiago e nas súas seccións lévase facendo fincapé dende hai anos no valor do diálogo, da negociación e do consenso como ferramentas de fomento da boa convivencia e máis da prevención de conflitos. As incidencias no ámbito da convivencia non son frecuentes nin salientables.

Este plan de convivencia é o documento onde se recollen diversas medidas pensadas para crear un clima de traballo e convivencia positivo no centro.

3.1. Características do centro e do seu contorno

Tal como se recolle no noso Proxecto Educativo de Centro, a EOI de Santiago de Compostela comezou a funcionar no curso académico 2001/2002, atendendo á gran demanda que existía na sociedade compostelá e na súa comarca. Alén da sede central en Santiago (Vite), onde se imparten ensinanzas de alemán, español para estranxeiros, francés, galego, inglés, italiano e portugués, conta con cinco extensións: Santiago (Sar), Negreira, Ribeira e Ordes, nas que se pode estudar inglés, e Noia, onde se poden cursar ensinanzas de francés e inglés.

A sede central da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela atópase no barrio de Vite, na rúa Ulpiano Villanueva, nun edificio inaugurado oficialmente no mes de xullo de 2002. Está situada á beira do campus norte da Universidade de Santiago de Compostela, preto das facultades de Ciencias da Información, Filoloxía e Ciencias Económicas e Empresariais, así como do Auditorio de Galicia. Esta é unha zona de nivel económico medio-baixo, na que cabe destacar unha importante concentración de vivendas de protección oficial e a abundante presenza de estudantes universitarios. A sección de Sar comezou a funcionar no 2007.

A sección de Noia comezou a funcionar no 2008. A vila de Noia, que conta con 14.751 habitantes (censados en xuño de 2011), é o punto de referencia socio-económico e cultural de toda a comarca. A súa poboación dedícase maioritariamente ao sector terciario, que é o maior xerador económico da vila, actuando esta como centro comarcal de comercio e servizos a onde acode a poboación dos concellos próximos para abastecerse de produtos básicos e especializados. Os días de maior afluencia son os xoves e os domingos, que son días de mercado, e hai feiras quincenais o 1º e 3º domingo de cada mes.

O resto da poboación distribúese entre os sectores secundario, que reúne a pequena e mediana industria existente e á construción, e primario, que se reparte entre a agricultura e a pesca, sendo o mar e as actividades con el relacionadas o que sostén case todo o peso deste sector, xa que a actividade propiamente agrícola ten un papel case testemuñal.

O concello de Lousame, coñecido tempos atrás pola actividade mineira, ten unha poboación dispersa en moitos núcleos pequenos (3.621 habitantes en 93 km² de superficie) e depende case exclusivamente do sector primario: actividade agrícola-gandeira e sector forestal.

A zona norte do concello de Outes, da que esta sección recibe alumnos, depende economicamente do sector primario, notándose estes últimos anos un aumento da sector de servizos na capital do concello (A Serra).

(Tomado do Proxecto Educativo do Instituto de Ensino Secundario Virxe do Mar de Noia, que acolle á sección da EOI na devandita vila).

A sección de Ordes comezou a funcionar no 2008. O Concello de Ordes está situado a medio camiño entre as cidades da Coruña e Santiago. É o centro dunha bisbarra formada polos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia e Trazo. Segundo datos do 2011, ten 12.948 habitantes. Nos anos seguintes a poboación descendeu sensiblemente para volver incrementarse nos últimos anos grazas, sobre todo, á chegada de inmigrantes.

Non se trata dun concello especialmente desenvolvido, senón cun certo estancamento demográfico e económico e sen expectativas de cambios importantes nun futuro próximo.

A sección de Ribeira comezou a funcionar no 2008. Está situada na vila de Santa Uxía de Ribeira, na costa oeste da provincia da Coruña, na comarca do Barbanza. Ten unha superficie de 68,83 km² e unha poboación, segundo datos do 2012, de 27.778 habitantes.

Limita cos concellos de Pobra do Caramiñal e Porto do Son, e é un dos portos pesqueiros de baixura máis relevantes da provincia e mesmo de Europa. Ademais tamén se procesan túnidos nas súas empresas conserveiras, que dan emprego a unha gran parte da poboación. Ofrece servizos administrativos básicos coma a delegación comarcal de Facenda e tres xulgados de Primeira Instancia e Instrución e conta cun hospital, centros de saúde, conservatorio de música e numerosos centros educativos.

O concello está dividido administrativamente en nove parroquias: Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Riveira. No plano natural, conta con importantes praias e infraestruturas que atraen ao turismo, tanto galego como foráneo, e que tamén xenera emprego, sobre todo nos meses de verán.

(Tomado do Proxecto Educativo do Instituto de Ensino Secundario nº 1 de Ribeira, que acolle á sección da EOI na devandita vila).

A sección de Negreira comezou a funcionar no ano 2010. Negreira é un concello da provincia da Coruña a tan só 20 Km da capitalidade de Galicia – Santiago de Compostela, que ten 115 Km² e 70.079 habitantes, segundo datos do 2012. distribuídos nas parroquias de Albite, Aro, Arzón, Broño, Bugallido, Campelo, Campolongo, Covas, Gonte, Landeira, Liñaio, Logrosa, Lueiro, Negreira, A Pena, Portor, Xallas e Zas.

O conxunto da comarca de Barcala (Negreira e A Baña) suma 11.046 habitantes (INE 2012). A situación demográfica de Negreira non é optimista, coma no conxunto de Galicia. O crecemento natural non é o suficientemente importante como para xerar una satisfactoria rexeneración demográfica. O avellamento poboacional é cada vez maior. Ademais, hai que aludir á emigración de xente moza cara a núcleos urbanos nos que a oferta de traballo é de maior especialización e diversidade.

O cese do despoboamento rural e o futuro crecemento demográfico de Negreira dependerá máis da emigración de retorno e da contraurbanización que da vitalidade natural dunha poboación avellentada, incapaz de substituír con nacementos ás persoas que falecen.

Outra característica reseñábel é o cativo proceso de urbanización da poboación, que apenas aumentou nos últimos 40 anos (no 1960 na vila concentrábanse 1,160 persoas e no 1996, 1.986 habitantes).

Negreira forma parte dunha bisbarra eminentemente rural. A agricultura, a gandaría e o comercio son as súas principais fontes de riqueza. As remesas dos emigrantes, a man de obra na construción, pequenos talleres e una factoría de agroindustria – A Cooperativa Feiraco – completan os fios do seu tecido económico.

(Tomado do Proxecto Educativo do Instituto de Ensino Secundario Xulián Magariños de Negreira, que acolle á sección da EOI na devandita vila).

3.2. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia

Os aspectos da xestión e organización do centro que máis inflúen na convivencia do centro son os diferentes integrantes da comunidade escolar (profesorado, persoal non docente, alumnado, familias do alumnado menor de idade) e a organización dos diferentes espazos do centro (aulas, departamentos, sala de profesorado, biblioteca, sala de lectura, conserxería, secretaría...)

No que respecta ao profesorado, o claustro de profesorado está formado por 60 profesores a tempo completo distribuídos entre Vite e as seccións. O elevado de número persoal con destino definitivo no centro proporciona estabilidade e ten un efecto positivo na convivencia do centro.

O persoal non docente ten un papel esencial no funcionamento do centro. As tarefas de atención telefónica e ao público, en materia de información, de orientación e de atención diversa, son fundamentais nos primeiros contactos para crear un ambiente favorable na convivencia.

O alumnado do centro é variado. Componse de estudantes universitarios, funcionarios docentes e da administración xeral e de corpos especiais, profesionais do sector servizos e desempregados, dun rango de idade moi amplo, dos 14 ata 80 anos. Teñen en común o feito de que, en xeral, elixen voluntariamente estudar na Escola.

As familias do alumnado menor de idade tamén inflúen na convivencia no centro. O ensino na EOI non é obrigatorio e o alumnado menor de idade escolle o centro libremente, algo que xa leva implícita unha concepción positiva da EOI. A comunicación coas familias non é moi frecuente e é, en xeral, fluída.

A organización da actividade docente ven determinada polo reparto adecuado dos espazos educativos (aulas, departamentos, sala de profesorado, biblioteca, sala de lectura, conserxería, secretaría...) tanto para docencia como para actividades extraescolares. Cómpre salientar que os espazos son moi limitados no caso da sede en Vite, ou compartidos cos IES nos casos das seccións.

3.3. Estado das relacións e participación na vida do centro dos integrantes da comunidade escolar

Para coñecer o estado da convivencia no centro, no mes de marzo de 2015 adminístrouse unha enquisa ao profesorado, alumnado, familias do alumnado menor de idade, persoal de administración e servizos e persoal subalterno. Responderon a dita enquisa 760 membros do alumnado, 56 membros do profesorado, 9 persoas do colectivo do persoal non docente e 10 familias do alumnado menor de idade. Os resultados máis relevantes de dita enquisa, que se recollen e analizan a continuación, confirman a percepción inicial de que as relacións e participación na vida do centro por parte dos diferentes integrantes da comunidade escolar son boas.

A meirande parte do profesorado considera que a convivencia no centro é boa ou moi boa, en todos os seus aspectos: tanto o clima de traballo e a relación entre o profesorado (boa para o 23,6% e moi boa para o 76,4%), a relación entre o alumnado (boa para o 40% e moi boa para o 54,5%, o 5,5% restante non sabe ou non contesta), a relación co equipo directivo (boa para o 25,5%, moi boa para o 69,1% e o 5,5% restante non sabe ou non contesta).

No caso do profesorado das seccións, o 6,9% do profesorado pensa que é mala, o 48,3% que é boa ou moi boa, e unha parte importante, o 44,8% non sabe ou non contesta.

A relación co resto dos membros da comunidade educativa tamén se percibe positivamente (é boa ou moi boa para o 87,3%, o 9,1% non sabe ou non contesta e só o 3,6% pensa que é mala).

A relación da comunidade educativa co contorno escolar e a relación coas familias do alumnado menor de idade son tamén percibidas positivamente, pero parte importante do profesorado carece de datos para xulgalas (a primeira é boa ou moi boa para o 61,8% e o 38,2% non sabe ou non contesta; a segunda é boa ou moi boa para 47,4% e o 52,7% non sabe ou non contesta).

No que se refire á relación da comunidade educativa coa Administración educativa, unha pequena parte do profesorado pensa que é mala 12,7%, o 45,5% pensa que é boa ou moi boa e unha parte importante (41,8%) non sabe ou non contesta.

Como resultado de todo o anterior, a maior parte do profesorado (o 95%) considera que o clima xeral do centro é bo ou moi bo.

Con respecto ás áreas de conflito, os problemas co consumo de drogas, intimidación e acoso entre o alumnado e actitudes e comentarios sexistas e/ou xenófobos é moi reducida (só un/ha profesor/a denuncia a existencia dos primeiros, o 3,6% do segundo e 9,1% do terceiro, consistente en respostas no exame de expresión escrita de pensamento xenófobo).

As agresións verbais e/ou físicas e máis a indisciplina e condutas disruptivas na aula (malas contestacións, faltas de respecto, incumprimento das normas, interrupcións...) tamén son pouco frecuentes, e só o 14,5% do profesorado observou cada un destes dous problemas.

A participación na enquisa por parte das familias foi moi baixa, con so 10 respostas. Todas perciben como bo (60%) ou moi bo (40%) o clima xeral do centro. A maioría (60%) considera a súa relación co profesorado boa ou moi boa. O 40% restante non sabe ou non contesta. Tamén é positiva a percepción da relación das familias co resto dos membros da comunidade educativa (boa ou moi boa para o 40%, o 30% non sabe ou non contesta e só é mala para unha persoa, o que supón o 10% do total). O mesmo ocorre coa relación entre o alumnado, (boa ou moi boa para o 90%, mala para o 10% restante), a relación da comunidade educativa co contorno escolar (boa ou moi boa para o 60%, o 30% non sabe ou non contesta, e mala para o 10%) e a relación da comunidade educativa coa Administración educativa (a maior parte, 70%, non sabe ou non contesta, e o restante 30% pensa que é boa ou moi boa.)

A análise das respostas do alumnado revela que, en xeral, este colectivo pensa que o clima xeral

do centro é bo ou moi bo (92,2%). Só unha persoa (0,1%) pensa que é malo e o 7,6% restante non sabe ou non contesta. Non resulta sorprendente que as valoracións parciais de relación entre os distintos membros da comunidade sexan tamén positivas.

Así, o clima de traballo e a relación co resto do alumnado son bos ou moi bos para o 90,6% das persoas que completaron a enquisa. O 9,2% non sabe ou non contesta e só 2 persoas (0,3%) pensan que son malos.

A relación co profesorado é boa ou moi boa para o 89,4% do alumnado. O 7,8% non sabe ou non contesta e para tan só o 2,9% é mala.

Só o 14,2% das persoas que completaron a enquisa precisou poñerse en contacto con algún membro do equipo directivo, e máis da metade consideran que a relación con el é boa ou moi boa 54,6%. O 38,4% non sabe ou non contesta e, só para o 7% é mala.

A relación da comunidade educativa co contorno escolar percíbese tamén moi positivamente (boa ou moi boa para o 72,5%, o 26,4% non sabe ou non contesta e só é mala para o 1,1%). Hai descoñecemento entre o alumnado sobre a relación da comunidade educativa coa Administración educativa (o 42,1% non sabe ou non contesta, 54,9% boa ou moi boa e é mala para só o 3%).

Todo o persoal docente que completou a enquisa considera que o clima xeral do centro é bo, incluíndo o clima de traballo e a relación co resto do persoal non docente (boa para o 12,5% e moi boa para o 87,5%), a relación co profesorado e equipo directivo (ambas as dúas boa para o 50%, moi boa para o 50%).

A relación co resto dos membros da comunidade educativa, a relación entre o alumnado, a relación da comunidade educativa co contorno escolar e a relación da comunidade educativa coa Administración educativa tamén se valoran positivamente, aínda que hai quen admite descoñecer a situación (respectivamente, boa o moi boa para o 75% e o 25% restante non sabe ou non contesta; boa ou moi boa para o 87,5% e o 12,5% restante non sabe ou non contesta; boa ou moi boa para o 75% e o restante 25% non sabe ou non contesta; boa ou moi boa para o 62,5% e o restante 37,5% non sabe ou non contesta.)

3.4. Conflitividade detectada

Na EOI de Santiago non se teñen detectados conflitos destacables. En xeral, o clima de traballo e estudo é bo, e o diálogo, a negociación e a busca de consenso priman nas relacións entre os diferentes integrantes da comunidade escolar.

Os resultados da enquisa administrada entre o profesorado revelan que as áreas de conflito máis frecuentes son a falta de hixiene persoal e vestimenta adecuada (o 21,8% experimentou casos illados de falta de hixiene persoal de alumnado e profesorado, ou uso de perfumes moi fortes), a falta de receptividade e motivación de cara ás actividades propostas nas aulas (observado polo 29,1% do profesorado), os roubos ou deterioro dos obxectos ou instalacións do centro (denunciado polo 32,7%) e o uso indebido do móbil e outros aparatos electrónicos (detectado

polo 40%).

Denúncianse episodios illados de agresións verbais por parte de alumnado adulto que contesta mal aos docentes ou amosa agresividade na época de matrícula de alumnos cara ao persoal non docente e equipo directivo ou cara ao profesorado no proceso de revisión de exames.

Hai tamén queixas sobre a falta de motivación e receptividade do alumnado e queda igualmente patente a preocupación pola existencia de alumnado con algún tipo de trastorno psíquico, e/ou sometido a tratamento por estes motivos, que mostra condutas estrañas.

No que se refire ás familias, a enquisa detectou unha única área de conflito: o uso indebido do móbil e outros aparatos electrónicos. Compre salientar que só o 10% das familias que responderon á enquisa observaron esta área de conflito.

As áreas de conflito observadas polo alumnado coinciden en xeral coas detectadas polo profesorado. Son casos illados (denunciados por menos do 5% do alumnado) os problemas co consumo de drogas (só o 0,5%), as agresións verbais e/ou físicas (só 1,4%) e os episodios de intimidación e acoso entre o alumnado (só 1,4%), a alta de hixiene persoal e vestimenta adecuada (denunciados por 3,2%) e as actitudes e comentarios sexistas e/ou xenófobos (observados por 3,64%). O 4,54% detectou problemas de disciplina e condutas disruptivas na aula (malas contestacións, faltas de respecto, incumprimento das normas, interrupcións no desenvolvemento das clases...) e o 4,1% roubos ou deterioro dos obxectos ou instalacións do centro.

O uso indebido do móbil e outros aparatos electrónicos (observado polo 13%) e a falta de receptividade e motivación de cara ás actividades propostas nas aulas (observado polo 14,7%) son algo máis frecuentes.

Por parte do persoal non docente, as únicas áreas de conflito detectadas son a falta de hixiene persoal e vestimenta adecuada e os roubos ou deterioro dos obxectos ou instalacións do centro (ambos os dous observados polo 12,5%) e o uso indebido do móbil e outros aparatos electrónicos, que parece máis frecuente xa que o 25% das persoas que completaron a enquisa detectaron esta área de conflito.

No que se refire ao estado das relacións e participación na vida do centro por parte doutras institucións e entidades do contorno, tal como consta no noso Proxecto educativo de centro, a nosa Escola quere ser unha institución aberta á colaboración e cooperación con outras institucións, organismos ou entidades que redunden na mellora da formación do persoal e o alumnado do centro, que ofrezan posibilidades de difusión e/ou participación en actividades culturais ou de promoción de idiomas, e que, en definitiva, poidan repercutir positivamente á hora de cumprir os obxectivos previstos. Ditas institucións inclúen:

- A Consellería, a Xefatura Territorial e o Servizo de Inspección Educativa.
- O SEPIE (*Servicio Español para la Internacionalización de la Educación*).

- O Concello de Santiago, que conta cun representante no consello escolar do centro, e os concellos onde están situadas as seccións.
- As universidades galegas, moi nomeadamente a Universidade de Santiago de Compostela.
- A Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- O Centro Dramático Galego.
- O Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).
- As demais escolas oficiais de idiomas galegas e do Estado.
- Os institutos de ensino secundario da cidade e a comarca, moi especialmente os que acollen as seccións da nosa Escola: IES Xulián Magariños (Negreira), IES Virxe do Mar (Noia), IES nº 1 (Ordes), IES nº1 (Ribeira) e IES do Sar (Santiago de Compostela).
- A Asociación de Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia (APEOIGA).
- A Federación Estatal de Asociacións de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas.
- Centros e institucións europeas cos que desenvolver conxuntamente programas educativos europeos.
- Centros socioculturais, especialmente o de Vite e os próximos ás seccións.

3.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas

A boa situación da convivencia no centro vense conseguindo grazas ao diálogo e á busca de consenso, e esta actitude de fomento da convivencia vese reflectida no proxecto educativo de centro, nas programacións dos diferentes departamentos e máis nas normas de organización e funcionamento. Dende a dirección e tamén dende o claustro de profesorado se exercitan a escoita activa e máis o diálogo entre compañeiros e tamén co alumnado.

O Proxecto Educativo da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela baséase nos principios de non-discriminación e multiculturalidade como valores fundamentais das escolas oficiais de idiomas e entre os nosos obxectivos está o de promover a igualdade entre homes e mulleres a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias. Ademais, céntrase na promoción de igualdade entre mulleres e homes.

Para dar cumprimento aos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, a EOI fará súas as especificacións alí recollidas relativas a obxectivos,

contidos, metodoloxía e criterios de avaliación, en especial, pola súa virtualidade nun centro como o noso, os seguintes:

- A comprensión do valor democrático da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención sen que, en caso ningún, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- O enriquecemento do contido curricular coas achegas ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- A erradicación de prexuizos no noso centro.
- Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- De forma directa, as docentes e os docentes no permitirán forma ningunha de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre o alumnado adolescente, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

As numerosas actividades culturais de promoción do idioma que se levan a cabo na Escola serven de reforzo e complemento ás actividades lectivas e aumentan a motivación e a aprendizaxe do alumnado e contribúen tamén positivamente á convivencia e enriquecen a vida escolar, fomentando unha dimensión máis humana, amena e participativa no centro, favorecendo a participación do alumnado nas mesmas (PEC)

As programacións didácticas elabóranse tendo en conta os principios democráticos de igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de raza, orixe, nacionalidade, cultura, lingua, relixión, discapacidade, idade ou orientación sexual. Ademais, recollen medidas para fomentar a prevención de conflitos entre os membros da comunidade educativa e incluír obxectivos e actividades que favorezan a convivencia.

As normas de organización e funcionamento da Escola inclúen tamén o seguinte protocolo para resolver conflitos, para axudar a que se resolvan os desacordos con máis axilidade:

Para calquera queixa ou reclamación que queira facer o alumnado e que non teña que ver cos seus resultados académicos, a dirección desta EOI considerou importante establecer un protocolo de actuación para estes casos.

1. O alumnado deberá falar co seu profesor ou profesora persoalmente ou a través dos seus representantes na aula para intentar resolver o problema.
2. Se o problema non se resolvese, falaría co xefe ou xefa do departamento en cuestión.
3. Se persiste o desacordo, o alumnado deberá acudir á xefatura de estudos.
4. Por último, se o cre conveniente, pode acudir á Dirección.

4. Obxectivos específicos

A enquisa administrada revelou que o 41,8% do profesorado e o 24.6 % do alumnado considera necesario por en marcha medidas para mellorar a convivencia no centro. O persoal non docente pensa que non son fan falla novas medidas para mellorar a convivencia no centro. Suxiren ampliar o centro xa que se queda moi escaso e facer que máis alumnado coñeza e use a biblioteca. Igualmente, o 90% das familias non cree que sexa necesario tomar medidas para mellorar a convivencia no centro.

Tras a análise dos resultados da enquisa e tendo en conta as suxestións de mellora da convivencia no centro feitas a través dela, tomaranse diferentes medidas para favorecer a convivencia no ámbito da organización do centro e da aula, a coordinación das actuacións docentes, a programación e desenvolvemento do currículo, as estratexias metodolóxicas e as actividades culturais e de promoción do idioma para favorecer a convivencia no centro.

4.1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación

4.1.1. Organización do centro e da aula

Mellorar os recursos do centro educativo profesorado é moi necesario (coinciden neste punto o 34,8% do profesorado e o 62,5% do alumnado). O equipamento e coidado das instalacións concentra o maior número de queixas por parte do alumnado, tanto polos problemas de funcionamento, as instalacións deficientes nas sección e pola diferenza de equipamento entre Vite e seccións. Para solucionar este problema, continuarase coa labor feita dende a coordinación TIC, e reforzase o traballo desta coordinación sempre que sexa posible. Ademais, vimos de contratar asistencia regular por parta dunha empresa externa, para así poder liberar o traballo da persoa coordinadora TIC e dende hai meses contamos cunha nova rede wifi, o que permitiu diminuír os problemas de conectividade.

O 26,1% do profesorado e o 6,5% profesorado pensa que é preciso reforzar a disciplina e as normas do centro. Denúncianse casos de distraccións e interrupcións constantes por parte de alumnado durante as clases, uso da lingua 1, certa reticencia a participar nas clases, diferentes niveis de coñecemento, desmotivación por parte do alumnado.

Tamén hai alumnado que suxire aumentar a variedade de actividades para satisfacer a máis persoas, concienciar ao alumnado de que o ensino da EOI non está centrado en preparar as probas de certificación e fanse tamén queixas sobre comentarios sexistas nas clases e actividades que perpetúan roles obsoletos ou tópicos que deberían estar xa superados nun entorno de ensino público.

Neste aspecto, compre difundir as normas de funcionamento, en especial os dereitos e deberes do alumnado, e tamén o noso proxecto educativo de centro, xa que estas actitudes sexistas claramente o contraveñen.

O 13% do alumnado e o 40% do profesorado considera que se usan indebidamente os móbiles e outros dispositivos electrónicos. Tendo en conta estes datos, incluírase nas normas de funcionamento información específica sobre o uso destes recursos.

4.1.2. Coordinación das actuacións docentes

A formación na resolución de conflitos, tanto para alumnado como para profesorado, é necesaria (o 60,9% do profesorado e o 15,2% do alumnado cree que o profesorado precisa formarse neste aspecto; o 47,8% do profesorado e o 16,8% do alumnado pensa que ao alumnado fálle falta formación neste ámbito).

Existe tamén preocupación tanto por parte do profesorado como do alumnado sobre como actuar cando se detecta alumnado conflictivo, con problemas psíquicos ou de comportamento. Fanse tamén propostas de crear un protocolo para solucionar determinados tipos de conflitos, onde a persoa que fai público un conflito ou unha reclamación poida facelo de forma totalmente anónima.

Dende a Escola impulsárase a inclusión de formación na resolución pacífica de conflitos no plan de formación de centro e difundíranse as convocatorias de cursos sobre este tema organizados por outros organismos.

Na secretaría do centro existe un impreso modelo para recoller queixas e suxestións dos integrantes da comunidade escolar. Facilitárase outro modelo que permita a comunicación de conflitos de maneira anónima.

Na páxina web da escola créase unha caixa de correo para recoller denuncias e suxestións (convivencia@eoisantiago.org).

Propónse tamén unificar os criterios de actuación entre o profesorado (profesorado 43,5%, alumnado 25%). No seo da nosa comunidade escolar véñese traballando neste aspecto principalmente a través da CCP. Compre polo tanto insistir neste aspecto entre o claustro de

profesorado.

Outra medida para axudar ao profesorado substituto ou recentemente incorporado e favorecer así a convivencia neste aspecto é continuar co programa de observacións de clases de profesorado con máis experiencia. Isto axudaría tamén a que as queixas sobre profesorado substituto, tamén reflectidas nesta enquisa, diminuísen.

Ademais, nas normas de organización e funcionamento se inclúe o seguinte protocolo de incorporación de novo persoal docente:

Protocolo de incorporación de novo persoal docente

1. Persoal con destino definitivo no centro e persoal con destino provisional (funcionarios/as en expectativa de destino, en prácticas, en comisión de servizos, interinos/as)

No momento en que o profesorado se presenta no centro por primeira vez, o membro do equipo directivo que estea presente recíbeo, amósalle as instalacións, entrégalle o documento FICHA_PERSOAL (para obter os datos persoais e de contacto do/a profesor/a), e recolle a documentación necesaria para a toma de posesión.

O/A secretario/a tramita a toma de posesión segundo as instrucións da sección de persoal docente da Xefatura Territorial. Unha copia da documentación arquívase, xunto coa ficha de datos persoais, no cartafol "Tomas de posesión, nomeamentos e cesamentos", situado nos andeis da secretaría.

O/A secretario/a entrega ao profesorado novo chaves das aulas e do departamento, así como un mando do aparcadoiro (cun depósito de 30 €) e créalle tamén un número de usuario para a máquina de presenza.

O coordinador do equipo TIC crea un perfil informático para que o profesorado novo poida acceder á Intranet da EOI e a vicedirección inclúeo na listaxe de correo electrónico e créalle a súa conta de correo corporativo.

No **clauso de inicio de curso**, o/a director/a dá a benvida e presenta a todo o profesorado novo. Os membros do equipo directivo proporcionan información xeral básica sobre a organización do centro e todo o profesorado recibe o documento DOSSIER INFORMATIVO, que inclúe as normas de funcionamento, modelos de documentos, información sobre prazos e datas, etc.

Na **reunión de departamento** que ten lugar a continuación do primeiro clauso, os/as xefes/as de departamento presentan aos membros do departamento e proporcionan información específica sobre os recursos e o funcionamento dese departamento.

Nas **reunións de recursos** que se celebran ao longo do mes de setembro, o/a coordinador/a TIC explica o funcionamento dos distintos recursos audiovisuais e informáticos que están á disposición do alumnado (encerados interactivos, computadores portátiles, canóns, intranet, programa de reservas, etc..)

2 *Persoal substituto*

Cando chega o nomeamento, o xefe de estudos chama a persoa nomeada e pona en contacto coa xefatura do departamento correspondente.

No momento en que o profesorado se presenta no centro, o/a xefa de estudos (ou o membro do equipo directivo que estea presente) recíbeo, amósalle as instalacións, entrégalle o documento FICHA_PERSOAL (para obter os datos persoais e de contacto do/a profesor/a), e recolle a documentación necesaria para a toma de posesión.

O/a xefe/a de estudos ou o cargo directivo de garda entrégalle unha copia do horario do profesor/a ao que substitúe, xunto cun dato de contacto (teléfono ou enderezo electrónico) por se fose necesario poñerse en contacto con el/ela. Tamén lle entrega unha copia das normas de organización e funcionamento que o/a profesor/a deberá devolver ao rematar a substitución. Así mesmo, indícaselle que, para familiarizarse coa estrutura e co funcionamento do centro, pode consultar moita información relevante na páxina web.

O/A secretario/a ou o cargo directivo de garda créalle un número de usuario para a máquina de presenza, entrégalle as chaves e o mando do aparcadoiro e tramita a toma de posesión segundo as instrucións da sección de persoal docente da Xefatura Territorial. Unha copia da documentación arquívase, xunto coa ficha de datos persoais, no cartafol "Tomas de posesión, nomeamentos e cesamentos", situado nos andeis da secretaría.

O/a xefe/a do departamento (ou outro/a compañeiro/a) entrégalle os libros e o material do profesor ao que substitúe.

O/A coordinador/a do equipo TIC crea un novo perfil informático para o/a substituto/a e a vicedirección inclúe o seu enderezo na listaxe de correo electrónico. Segundo sexa necesario, o/a coordinador/a do equipo TIC tamén lle explica o funcionamento dos aparellos e dos recursos informáticos que vaia utilizar.

4.1.3. Programación e desenvolvemento do currículo

A falta de adaptación do currículo ás necesidades do alumnado nin as súas competencias, sobre

todo nos primeiros niveis, tamén é fonte de queixas. Parece necesario adaptar o currículo ás necesidades do alumnado (coinciden neste aspecto o 21,7% do profesorado, e o 41,3% do alumnado). Causa malestar a falta de correspondencia entre o que se ensina na aula e o que se pide nos exames e tamén o feito de que parte do alumnado considere as clases sesións de mera preparación de cara as probas de certificación.

Para solucionar este conflito, compre difundir a directrices para a elaboración e seguimento da programación para os diferentes departamentos didácticos da escola e insistir no seu cumprimento.

4.1.4. Estratexias metodolóxicas

Unha parte importante do profesorado (60,9%) e do alumnado (35,3%) ve necesario favorecer o traballo colaborativo entre o alumnado, por exemplo a través de ferramentas como Edmodo e no caso do profesorado, Google Drive), para crear un sentido de grupo entre os alumnado e así aumentar a motivación, redundando nunha maior autonomía de aprendizaxe e menos dependencia do profesorado, e redundaría na mellora da convivencia na Escola. A Escola ven traballando dende hai anos neste aspecto e continúa a facelo, por exemplo, o Plan de formación de centro inclúe formación no uso de dispositivos móbiles que permiten o traballo colaborativo. A meirande parte do traballo e comunicación entre o persoal docente faise tamén a través de ferramentas colaborativas.

Moitos docentes usan Edmodo ou outras plataformas. Compre lembrar que, tal como consta nas normas de organización e funcionamento, o ensino na Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela é presencial, agás no caso de That's English que é semipresencial. O uso de Edmodo, Moodle, Aula Cesga e outras plataformas educativas, blogs, wikis, etc, na aula, debe ser sempre complemento deste ensino presencial.

4.1.5. Actividades culturais e de promoción do idioma

As actividades culturais e de promoción do idioma, actividades interdepartamentais e grupos de conversa entre o alumnado e con ou sen auxiliar lingüístico, vense como moi positivas, xa que aumentan a motivación, facilitan a aprendizaxe, e favorecen a convivencia. Neste sentido, moitos alumnos botan de menos un espazo para practicar a expresión oral ou a existencia de clubs de conversa. Compre salientar que hai tamén alumnado que se queixa da escasa participación nas numerosas actividades desenvolvidas na escola.

Os departamentos didácticos e máis o Equipo de dinamización da lingua galega desenvolven unha ampla programación durante o ano académico, que inclúe conferencias, concertos, charlas, viaxes, concursos, visitas culturais, teatro, cinema.....A celebración das actividades difúndese nos taboleiros do centro, na páxina web da Escola e máis nas redes sociais. Compre continuar traballando nesta liña e insistir na difusión das actividades realizadas.

4.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade

educativa

O equipo directivo tomará diferentes medidas para garantir a participación da comunidade educativa. Así, impulsarase a inclusión de formación na resolución pacífica de conflitos no plan de formación de centro. Ademais, informarase á comunidade escolar de calquera curso que se vaia a celebrar sobre este tema no Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), universidades, sindicatos, etc.

Na enquisa de necesidades formativas que anualmente administra o CAFI suxerírase a inclusión no plan de formación de anual de cursos que afonden en aspectos como construción da paz, da paz, a igualdade entre mulleres e homes, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Tamén se favorecerá a organización na Escola de actividades non académicas para o profesorado, como o clube de lectura posto en marcha no curso 2015-2016, así como de actividades culturais e de promoción do idioma interdepartamentais para complementar a actividade lectiva e axudar a reforzar a motivación do alumnado.

4.3. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar

No artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, incluído no capítulo III titulado *Prevención e tratamento das situación de acoso escolar*, defínese o acoso escolar como calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

As instrucións do 17 de xuño de 2013 polas que se traslada o protocolo xeral de intervención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia establecen como características do acoso escolar:

1. A existencia de intención de facer dano.
2. A repetición das condutas agresivas.
3. A duración no tempo.

O seguinte protocolo baséase no publicado pola Xunta de Galicia en 2013, onde se recollen os diferentes anexos aos que se fai referencia.

- Primeira fase: Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

- Comunicación dunha posible situación de acoso escolar (anexo I)
- Medidas urxentes de protección á presunta vítima
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo II)
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexo III e IV)
- Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V)
- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI)
- Segunda fase: Recollida de información. Rexistro (anexo VII)
 - Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII)
 - Entrevista individual á/s persoa/s responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX)
 - Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista
 - Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XI e XII)
 - Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII)
- Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas
 - Análise da información (anexo XV)
 - Adopción de medidas (anexo XVI)
 - Medidas de protección á vítima
 - Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s
 - Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s (anexos XVII e XVIII)
 - Outras medidas
 - Comunicación á Inspección Educativa (anexo XIX)

5. Medidas para previr, detectar e resolver conflitos e condutas contrarias ás normas de convivencia, promover a convivencia e sensibilizar contra o acoso escolar

Para previr, detectar e resolver conflitos e condutas contrarias ás normas de convivencia, promover a convivencia e sensibilizar contra o acoso escolar para axudar a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este, tomaranse as seguintes medidas preventivas, dirixidas a toda a comunidade educativa:

- Acollida do alumnado polo profesor/a titor/a, facilitándolle o coñecemento das normas de convivencia, os seus dereitos e deberes do alumnado
- Realización e difusión de actividades culturais e de promoción do idioma
- Posta en marcha de medidas para dar resposta á diversidade do alumnado, reflectidas nas programacións didácticas de cada departamento
- Difusión do Plan de convivencia
- Plan de acollida ao persoal docente e non docente
- Atención aos integrantes da comunidade escolar polo Equipo Directivo
- Atención dos titores/as en horario de titoría
- Participación das familias a través do Consello Escolar
- Participación do alumnado a través da Xunta de Representantes do alumnado e do Consello Escolar
- Difusión da normativa do centro (proxecto educativo de centro, normas de funcionamento e plan de convivencia) entre todos os membros da comunidade escolar
- Difusión do protocolo para a prevención das situacións de acoso escolar entre todos os membros da comunidade, para sensibilizar á comunidade e axudar previlo e detectalo
- Campaña de sensibilización da comunidade escolar que permita a prevención e a detección de condutas contrarias á convivencia
- Establecemento dun procedemento para poder denunciar anonimamente condutas contrarias á convivencia

Ademais destas medidas, poranse en práctica todas aquelas que os integrantes da comunidade

escolar propoñan a través da Comisión de convivencia.

6. Responsables do desenvolvemento e execución das actuacións, medidas e programas incluídos do plan de convivencia

Ao alumnado correspóndelle:

- coñecer os seus dereitos e deberes
- colaborar no desenvolvemento do plan de convivencia
- informar ao equipo directivo dos comportamentos contrarios á convivencia observados

Ás familias do alumnado menor de idade correspóndelles:

- colaborar no desenvolvemento do plan de convivencia
- informar ao equipo directivo dos comportamentos contrarios á convivencia observados

O persoal non docente:

- colaborará nas diferentes actividades do plan de convivencia (difusión, prevención, resolución,...)
- coñecerá os seus dereitos e deberes
- fará propostas de mellora do plan de convivencia
- adecuará a súa labor ao establecido no plan de convivencia
- informará ao equipo directivo dos comportamentos contrarios á convivencia observados

É competencia do profesorado:

- informar ao alumnado das normas e do plan de convivencia
- informar ao alumnado dos seus dereitos e deberes
- previr conflitos e velar polo cumprimento das normas de convivencia na súa aula
- participar na resolución de conflitos
- colaborar nas diferentes actividades do plan de convivencia (difusión, prevención, resolución,...)

- adecuar a súa práctica docente ao establecido no plan de convivencia
- facer propostas de mellora do plan de convivencia
- mediar na resolución pacífica dos conflitos que tiveran lugar entre o seu alumnado
- informar ao equipo directivo dos comportamentos contrarios á convivencia observados

O claustro de profesorado:

- propondrá medidas para favorecer a convivencia na Escola
- será informado dos conflitos xurdidos e da súa resolución
- propondrá medidas para a solución pacífica de conflitos

A comisión de actividades culturais e de promoción do idioma:

- propondrá actividades interdepartamentais para favorecer a convivencia na Escola

Os departamentos didácticos, nas súas programacións anuais, incluírán:

- contidos e actitudes que contribúan á mellora da convivencia escolar
- actividades de formación en actitudes, valores e normas
- medidas para atender as necesidades específicas do alumnado
- medidas de aprendizaxe colaborativa, para mellorar a convivencia, e axudar a crear un clima positivo na aula

Á dirección do centro correspóndelle:

- crear as condicións necesarias para favorecer a participación de toda a comunidade educativa
- introducir os cambios organizativos necesarios para o desenvolvemento do plan de convivencia
- favorecer o desenvolvemento coherente do plan a través da coordinación pedagóxica
- difundir o plan de convivencia entre todos os sectores da comunidade educativa
- difundir as normas de funcionamento entre todos os sectores da comunidade educativa
- difundir o proxecto educativo de centro entre todos os sectores da comunidade educativa
- velar polo bo funcionamento da convivencia na escola

- coordinar a elaboración memoria anual do Plan de Convivencia
- levar a cabo as correccións contrarias á convivencia

O Consello Escolar:

- velará por que todos os integrantes da comunidade escolar cumpran as súas obrigas e exerzan os seus dereitos
- propondrá medidas e iniciativas para a convivencia, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos
- será informado dos conflitos xurdidos e participará na súa resolución
- avaliará os resultados da posta en práctica das normas de convivencia e fará achegas para melloralas
- propondrá actuacións de carácter educativo en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade escolar
- elixirá aos representantes da comisión de convivencia

7. Normas de convivencia

As normas de organización e funcionamento da Escola recollen os dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade escolar.

Todos os membros da comunidade escolar deben coñecer as súas obrigas e os seus dereitos e contribuír activamente a crear un ambiente adecuado na Escola para favorecer un mellor desenvolvemento da aprendizaxe e da convivencia no centro. Para tal fin, compre que toda a comunidade:

- siga unhas normas de educación básicas cotiás (saudar, despedirse, agradecer e desculparse)
- use o diálogo e a negociación como ferramentas básicas e teña en conta os valores de respecto, tolerancia, igualdade e axuda, que contribuirán ao obxectivo común que é a cultura da paz
- faga críticas de maneira construtiva
- respecte a opinión doutras persoas, agás se esta é contraria aos dereitos humanos e normas constitucionais
- coide a hixiene persoal e a indumentaria
- manteña a orde e limpeza na escola
- use correctamente e garanta a conservación do das instalacións e do material do centro, e dea parte de calquera incidencia observada
- fale en voz baixa nos corredores durante o horario lectivo, especialmente durante a

- celebración de exames
- apague os teléfonos móbiles e outros aparatos electrónicos durante os períodos lectivos, nas reunións e nas actividades culturais, agás que vaian ser usados con fins educativos autorizados polo docente
 - colabore coas persoas que teñan necesidades especiais de aprendizaxe
 - se absteña de consumir comida ou bebida durante a clase, agás auga

8. Condutas contrarias á convivencia e súas correccións

O Decreto 8/2015, no seu artigo 33, establece as condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, que se clasifican en (a) condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, e (b) condutas leves contrarias á convivencia. Os artigos 32, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53 e 54 establecen outros aspectos que se sinalan a continuación.

8.1. Aspectos básicos

Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- Ter carácter educativo e recuperador.
- Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.
- O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
- Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

Tamén deberán ser tidos en consideración os seguintes aspectos:

- Garantíraselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.
- O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
- Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación.
- Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar a actuación pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 deste decreto.

8.2. Ámbito de corrección

No que se refire aos ámbitos nos que se poden considerar as condutas obxecto de corrección, a normativa establece que deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

8.3. Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

- A natureza dos prexuízos causados.
- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere que propicie esta vulnerabilidade.

8.4. Reparación de danos causados

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

8.5. Aspectos formais dos procedementos correctores

Os aspectos formais dos procedementos correctores recóllense no artigo 37:

No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 do Decreto 8/2015 deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.

- De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

A incoación do procedemento notificarase ao alumno/a, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa. As citacións ás alumnas ou aos alumnos realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data. A non comparecencia sen causa xustificada das ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

A resolución do procedemento notificarase á alumna ou alumno nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

8.6. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do decreto 8/2015.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

8.6.1. Medidas correctoras

O artigo 39 establece as medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

8.6.2. Aplicación das medidas correctoras

Sobre a aplicación das medidas correctoras, a dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no apartado anterior de conformidade cos procedementos previstos neste mesmo Plan no apartado 7. 5. Unha alumna ou

un alumno poderá ser readmitida/o nas clases antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

8.7. Condutas leves contrarias á convivencia

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), Os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia da Escola.

8.7.1. Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación (artigo 43):

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- políticas, morais ou relixiosas, discapacidade física, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

8.7.2. Aplicación das medidas correctoras

A aplicación das medidas correctoras será levada segundo o establecido no artigo 44:

- O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nos puntos 1, 2, e 3 do apartado anterior.
- A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nos puntos 1, 2, 3, e 4, do apartado anterior.
- A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos puntos 5 e 6 do apartado anterior.
- A imposición destas medidas correctoras comunicarase á comisión de convivencia do centro.

8.8. Solicitude de revisión e execución de medidas

O artigo 45 contempla o procedemento de solicitude de revisión e execución de medidas. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora. A resolución que se derive do dito escrito pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

8.9. Procedementos de corrección

O artigo 46 recolle os procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

8.9.1. Determinación do procedemento de corrección

A determinación do procedemento de corrección segue o establecido no artigo 47. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

8.9.2. Inicio do procedemento de corrección

No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno a posibilidade de corrección da conduta

mediante o procedemento conciliado, esta/e comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
- Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas neste Plan.
- Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.
- A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista neste Plan e comunicárselle á Inspección Educativa.

8.9.3. Procedemento conciliado

O procedemento conciliado aparece recollido no artigo 49. Este procedemento pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a a corrección educativa inmediata. Poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- Cando a persoa agraviada e/ou o alumno/a non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso

escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste Plan.

8.9.4. Desenvolvemento do procedemento conciliado

O desenvolvemento do procedemento conciliado descríbese no artigo 50.

Cando a alumna ou o alumno opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instructor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas neste Plan. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

8.9.5. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

O artigo 51 contempla a intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora a proposta da Comisión de Convivencia do centro. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- Contribuír ao proceso de conciliación.
- Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

8.9.6. Procedemento común

Os artigos 52 e 53 desenvolven o procedemento común.

O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno opte por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector:

- A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.
- A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.
- A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación. Convocará por escrito ás partes e a cantas persoas poidan aportar información sobre o acontecido para ter coñecemento dos feitos, e unha vez finalizadas as comparecencias elaborará un informe.
- Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno, convocándoo a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

8.9.7. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas

A resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas constitúen o núcleo do artigo 54.

Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

- Feitos probados.
- De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- Medidas correctoras que se vaian aplicar.
- Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á Xefatura Territorial correspondente. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

- Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.
- As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

8.9.8. Compromisos educativos para convivencia

Os compromisos educativos para a convivencia aparecen no artigo 55.

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corraxida ou corraxido asina un compromiso educativo para a convivencia. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

8.9.9. Prescrición de condutas e de correccións

Por último, o artigo 56 recolle a prescrición de condutas e de correccións.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses

da súa imposición.

9. Comisión de convivencia: normas de funcionamento, composición e plan de actuación

A comisión de convivencia ven regulada no artigo 6 do Decreto 8/2015. Correspóndelle ao Consello Escolar elixir os seus integrantes, respectando o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa (artigo 6.2 do Decreto 8/2015).

Os integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos serán nomeados pola persoa responsable da dirección do centro, por proposta dos colectivos representados.

A comisión de convivencia está composta por:

- Director/a, que actuará como presidente
- Representantes do alumnado
- Representantes do profesorado
- Representantes das familias
- Representantes do persoal de administración e servizos

Todas as persoas representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representadas no Consello Escolar do centro. As persoas representantes dos diferentes colectivos mencionados poderán coincidir cos do Consello Escolar, aínda que non é requisito que sexan os mesmos.

Unha das persoas integrantes actuará como secretaria e levantará e redactará a acta das súas reunións.

As reunións mínimas que se contemplan no artigo 6.3 para a comisión de convivencia de cada centro educativo son:

- Ordinarias: tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.
- Extraordinarias: cantas veces sexa convocada pola súa presidencia por iniciativa propia, ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Plan de actuación da comisión de convivencia

- Coordinar o plan de Convivencia e facer achegas para favorecer a integración de toda a comunidade escolar
- Atender as propostas de mellora da convivencia de toda a comunidade educativa

- Facer propostas para mellorar a convivencia na Escola e previr posibles conflitos
- Avaliar periodicamente o estado da convivencia na Escola
- Facer o seguimento do cumprimento das correccións de actuacións contrarias á convivencia, se as houber
- Intervir na resolución pacífica de conflitos
- Velar por que se cumpra o plan de convivencia da Escola
- Redactar a final de curso unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade na Escola para incluír na memoria anual
- Calquera outra que lle sexa encomendada polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia

10. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno

A coordinación e colaboración no seo da nosa comunidade escolar farase a través dos órganos colexiados, das reunións dos departamentos didácticos e mediante reunións co Representante do Alumnado.

A coordinación e colaboración coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno farase a través da Comisión de convivencia.

11. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia

Unha vez aprobado o plan de convivencia polo Consello Escolar depositarase unha copia impresa do mesmo na secretaría do centro para que os membros da comunidade educativa que así o desexen podan consultalo. Para garantir a súa máxima difusión, comunicarase a aprobación por correo electrónico a todos os membros da comunidade escolar e publicarase tamén na páxina web da Escola. Ademais, a comezo de cada curso académico, o profesorado informará ao alumnado que titoriza da existencia do dito plan.

12. Seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia

A comisión de convivencia elaborará unha memoria do plan de convivencia do centro no que se

incluirán os datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e as propostas de mellora necesarias.

Dita memoria presentarase ante o Consello Escolar para a súa aprobación. Unha vez aprobada, incluírase na memoria anual do centro.

Son os órganos colexiados do centro (Claustro e Consello Escolar), a Comisión de Coordinación Pedagóxica, os Departamentos Didácticos e a Xunta de Representantes do Alumnado os encargados de facer propostas para mellorar a convivencia na Escola.

Tamén se poden facer propostas presentando unha instancia xeral dirixida ao Director do centro.